



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2022**

En Laxe, sendo as 20:00 horas do día 25 de outubro de 2022, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o 1º tenente de alcalde Don Francisco Charlín Oróns (PP) presidindo o Pleno, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, e os concelleiros:

Dña Raquel Lema Allo (PP)  
Don Diego Soto Pereiro (PP)  
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)  
Dña. Sandra Mouzo Pose (PP)

Dña. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)  
Dña. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto).

Non asisten:  
Don José Luis Pérez Añón (PP)  
Don Fabián José Romar Lema  
Dña. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE)

Actúa como Secretaria accidental deste concello, Dona Emilia Alborés Lema.

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na orde do día.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 24/2022, EXPTE. NÚM. 2022/T002/000024**

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA VERBO DA APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 24/2022, AO VIXENTE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022.*

*EXPEDIENTE Nº 2022/T002/000024*

*Sométese á aprobación do Pleno da Corporación o expediente de modificación de créditos nº 24/2022, por créditos extraordinarios e*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2022, que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 11/10/2022, que consta no citado expediente.*

*Vistos asemade os informes emitidos pola secretaría-intervención accidental desta corporación, esta Alcaldía propón ao Pleno da corporación a adopción do seguinte*

### A C O R D O

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 24/2022, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2022, que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 11/10/2022, que a continuación se indica:*

#### **Altas en aplicacións de gastos**

#### CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

<b>Aplicación</b>		<b>Descrición</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Créditos extraordinarios</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
1531	619.00	<i>Accesos a núcleos de poboación. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i>  <i>Limpeza de bordes e de vial, explanación e extendido de zahorra para mellora de vial no lugar de Aplazadiro: aproveitando as obras de mellora da vía que vai dende a Viqueira ata a estrada que comunica coa igrexa de Nande e recollidas nas obras do PEIM (mellora de camiños agrarios), realizase a mellora dun camiño de escasas dimensións mediante a limpeza das gabias e extendido de saburra, co fin de facilitar a circulación dos vehículos agrícolas da zona e mellorar a fluidez do tráfico así coma a funcionalidade das vías sobre as que se actúa.</i>	0,00	3.416,56	3.416,56



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

160	609.00	<p><i>Sumidoiros. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i></p> <p><i>Proxecto de execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanela, todos eles da parroquia de Traba, neste Concello.</i></p> <p><i>Trátase duns núcleos de poboación que non contan con ningunha rede de saneamento municipal, resolvéndose mediante fosas sépticas particulares dos veciños. Trátase dun investimento que non se pode asumir cos fondos propios do Concello nun orzamento municipal polo que se acude á vía do financiamento co remanente para gastos xerais do pasado exercizo.</i></p>	0,00	449.995,13	449.995,13
160	619.00	<p><i>Sumidoiros. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</i></p> <p><i>Proxecto: Mellora das infraestruturas de saneamento no casco urbano de Laxe.</i></p> <p><i>Debido ao deficiente estado da rede de saneamento da vila de Laxe procede acometer unha serie de actuacións para suplir a problemática atopada que non poden demorarse ata o exercizo seguinte. Consta no expediente proxecto das obras que se pretenden realizar.</i></p>	0,00	126.458,61	126.458,61
160	629.00	<p><i>Sumidoiros. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.</i></p> <p><i>Canalización para augas pluviais en Campo do Rego: canalízanse as augas pluviais nunha zona de cruzamento co fin de evitar a acumulación de auga nas zonas baixas que acabará dando lugar a aparición de fochancas e pozas de auga, evitando así ou reducindo deste xeito as futuras obras de mantemento</i></p>	0,00	2.705,08	2.705,08

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

340	632.00	<i>Admon. Xeral de deportes. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construción:</i> <i>No exercizo de 2021 contratouse o arranxo e adecuación das instalación da piscina municipal descuberta. No momento de realización das obras observouse a necesidade de efectuar unhas melloras non incluídas na adecuación prevista inicialmente consistentes en colocación de rexillas, plaqueta e recrecido. Consta no expediente o informe xustificativo de sobrecostes de data 08/10/2022 emitido por Jesús Manuel Mallo Puga.</i>	0,00	9.473,59	9.473,59
<b>TOTAL</b>			<b>0,00</b>	<b>592.048,97</b>	<b>592.048,97</b>

**A) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>		<b>Descripción</b>	<b>Créditos iniciais</b>	<b>Créditos extraordinarios</b>	<b>Créditos finais</b>
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
1531	210.00	<i>Acceso a núcleos de poboación. Infraestructuras e bens naturais. Cantidade necesaria para traballos de mantemento, reparación de conservación de vías públicas.</i>	28.069,37	15.000,00	43.069,37



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

1532	619.00	<p><i>Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</i></p> <p><i>1)Acondicionamento da beirarrúa da marxe esquerda na rúa Valle Inclán: 9.498,50 euros.</i></p> <p><i>As beirarrúas da marxe esquerda da rúa obxecto de actuación presentan tramos nos que non contan con bordo, presentan un acabado superficial de cemento que propicia o crecemento de verdín e dificulta o uso seguro das mesmas, polo que se considera necesario proceder á mellora das mesmas, para darlle unha continuidade en canto acabados e mellorando tanto a accesibilidade coma a funcionalidade da beirarrúa.</i></p> <p><i>2)Este Concello contratou a realización das obras de Pavimentación rede viaria municipal en Laxe: travesía Villa Amparo, Praza Areal e Camiño Galeria, Laxe apreciando certas circunstancias durante a execución das mesmas que ocasionaron un incremento no gasto inicialmente previsto por importe de 19.841,54 euros. Constan no expediente o Informe xustificativo do gasto emitido polo técnico municipal, Jesús Manuel Mallo Puga, de sobrecostes por importe de 12.342,54 euros e o informe xustificativo de investimento consistente en canalización de saneamento en Camiño Galeria, Laxe, por importe de 7.499,00 euros.</i></p> <p><i>3)Mellora de vial con formigón en Camiño Santa Rosa: 7.907,35 euros.</i></p> <p><i>Esta mellora realízase co fin de comunicar e unir as zonas formigonadas da rúa Campo e a Rúa Santa Rosa, evitando así as acumulacións de augas de escorrentía en dita zona o que evitará a aparición de fochancas, reducindo as posibles obras de mantemento de dita zona.</i></p> <p><i>4)Mellora de vial con zahorra nas proximidades de Santa Rosa: 1.563,80 euros.</i></p> <p><i>Aumento do ancho da vía afectada polas obras do PEIM co fin de xerar zonas de cruzamento para facilitar o paso de dous vehículos nas zonas que foi posible, e non recollidas no proxecto</i></p>	247.906,01	38.811,19	286.717,20
------	--------	--	------------	-----------	------------



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

161	227.99	<i>Abastecemento de auga. Outros traballos realizados por empresas e/ou profesionais. Considerando a solicitude de nova retribución por m/3 para o exercizo 2022 efectuada pola empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U, pendente de aprobación polo Pleno da Corporación, e que con cargo ao orzamento municipal de gastos deste exercizo se asumiu o gasto relativo á prestación do servizo de abastecemento de auga do 3 trimestre de 2021, por falta de crédito suficiente no orzamento do pasado exercizo, resulta insuficiente a cantidade prevista no orzamento vixente para 2022.</i>	213.108,20	47.000,00	260.108,20
454	210.00	<i>Camiños veciñais. Infraestructuras e bens naturais. Cantidade necesaria para traballos de mantemento, reparación de conservación de vías públicas.</i>	20.960,89	15.000,00	35.960,89

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
 Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

454	619.00	<p><i>Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</i></p> <p>1) <i>Este Concello contratou a realización das obras de Mellora do Vial municipal no lugar de Carballal, na parroquia de Traba, apreciando certas circunstancias durante a execución das mesmas que ocasionaron un incremento no gasto inicialmente previsto por importe de <u>9.567,07 euros</u>. Consta no expediente unha copia do Informe xustificativo de sobrecostes emitido polo técnico municipal, Jesús Manuel Mallo Puga, o 5 de xullo de 2022.</i></p> <p>2) <i>En Cabanela, na parroquia de Traba, o camiño principal polo que transitan os/as veciños /-as ten varios puntos que se estreita en exceso que dificulta o paso dos vehículos, situación que se agrava cando coinciden ao mesmo tempo dous vehículos en dirección oposta. Esta situación provoca un problema de seguridade vial e para a saúde dos /das veciños /-as do lugar, sobre todo cando o vehículo que se ten que desprazar é unha ambulancia ou un vehículo da policía local, garda civil ou bombeiros.</i></p> <p><i>O custo total do investimento ascende a 109.892,88 euros, dos que se pretende solicitar unha subvención nominativa á Deputación por importe de 87.914,30 euros, debendo aportar o Concello o importe de <u>21.978,58 euros</u>.</i></p>	197.676,88	31.545,65	229.222,53
		<b>TOTAL</b>	<b>707.721,35</b>	<b>147.356,84</b>	<b>855.078,19</b>

## RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	592.048,97
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	147.356,84
<b>TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>739.405,81</b>

**2.º FINANCIAMENTO**

**Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:**

Aplicación económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
8	87	870.00	Remanente para gastos xerais	739.405,81



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

			<b>TOTAL</b>	
				<b>739.405,81</b>

*Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 24/2022, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2022, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.*

*Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 24/2022, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*

*Cuarto.- A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.*

*Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma."*

Intervén o concelleiro do BNG, Xosé Manuel Pose Lema, que manifesta que cando o Partido Popular estaba na oposición votaban sempre en contra dos expedientes de incorporación de remanente porque decían que era gobernar sen previsión, ao que nós contestábamos que era unha táctica habitual. Continúa dicindo que neste caso, adicar 739.405,81 euros dun orzamento de 3 millóns de euros á obras, das que 3 son sobrecustes de obras, ao seu xuízo, parece algo temerario; e pola contra, non se adica nada para a Cultura, o Deporte, o Turismo. Remata dicindo que son estratexias do Partido Popular para acadar mais votos, pensando que son as obras as que dan os votos. Resposta o primeiro tenente de alcalde, Francisco Charlín Oróns, que ogallá se dispuxera de maior cantidade para poder adicar a mais cousas, pero que estas actuacións son necesarias e demandadas polos veciños. E remata dicindo que, sempre vai haber diferenza de criterio.

Seguidamente, non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 5** [5 do PP ( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Don Diego Soto Pereiro)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 3** [2 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 24/2022, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento desta entidade para o exercizo 2022, que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, de acordo coa proposta que figura na Memoria de Alcaldía de data 11/10/2022, que a continuación se indica:

### Altas en aplicacións de gastos

#### CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS

Aplicación		Descripción	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Progr.	Económica				
1531	619.00	Accesos a núcleos de poboación. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.  Limpeza de bordes e de vial, explanación e extendido de zahorra para mellora de vial no lugar de Aplazadiro: aproveitando as obras de mellora da vía que vai dende a Viqueira ata a estrada que comunica coa igrexa de Nande e recollidas nas obras do PEIM (mellora de camiños agrarios), realizase a mellora dun camiño de escasas dimensións mediante a limpeza das gabias e estendido de saburra, co fin de facilitar a circulación dos vehículos agrícolas da zona e mellorar a fluidez do tráfico así coma a funcionalidade das vías sobre as que se actúa.	0,00	3.416,56	3.416,56



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

160	609.00	<p>Sumidoiros. Outros investimentos novos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</p> <p>Proxecto de execución de redes de saneamento nos núcleos rurais de Foxiños, Cernado, Canle, As Melgueiras e Cabanela, todos eles da parroquia de Traba, neste Concello.</p> <p>Trátase duns núcleos de poboación que non contan con ningunha rede de saneamento municipal, resolvéndose mediante fosas sépticas particulares dos veciños. Trátase dun investimento que non se pode asumir cos fondos propios do Concello nun orzamento municipal polo que se acude á vía do financiamento co remanente para gastos xerais do pasado exercizo.</p>	0,00	449.995,13	449.995,13
160	619.00	<p>Sumidoiros. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</p> <p>Proxecto: Mellora das infraestruturas de saneamento no casco urbano de Laxe.</p> <p>Debido ao deficiente estado da rede de saneamento da vila de Laxe procede acometer unha serie de actuacións para suplir a problemática atopada que non poden demorarse ata o exercizo seguinte. Consta no expediente proxecto das obras que se pretenden realizar.</p>	0,00	126.458,61	126.458,61
160	629.00	<p>Sumidoiros. Outros investimentos novos asociados ao funcionamento operativo dos servizos.</p> <p>Canalización para augas pluviais en Campo do Rego: canalízanse as augas pluviais nunha zona de cruzamento co fin de evitar a acumulación de auga nas zonas baixas que acabará dando lugar a aparición de fochancas e pozas de auga, evitando así ou reducindo deste xeito as futuras obras de mantemento</p>	0,00	2.705,08	2.705,08



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

340	632.00	Admon. Xeral de deportes. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Edificios e outras construción: No exercizo de 2021 contratouse o arranxo e adecuación das instalación da piscina municipal descuberta. No momento de realización das obras observouse a necesidade de efectuar unhas melloras non incluídas na adecuación prevista inicialmente consistentes en colocación de rexillas, plaqueta e recrecido. Consta no expediente o informe xustificativo de sobrecostes de data 08/10/2022 emitido por Jesús Manuel Mallo Puga.	0,00	9.473,59	9.473,59
<b>TOTAL</b>			<b>0,00</b>	<b>592.048,97</b>	<b>592.048,97</b>

### B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos extraordinarios	Créditos finais
Progr.	Económica				
1531	210.00	Acceso a núcleos de poboación. Infraestructuras e bens naturais. Cantidade necesaria para traballos de mantemento, reparación de conservación de vías públicas.	28.069,37	15.000,00	43.069,37
1532	619.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.  1)Acondicionamento da beirarrúa da marxe esquerda na rúa Valle Inclán: 9.498,50 euros. As beirarrúas da marxe esquerda da rúa obxecto de actuación presentan tramos nos que non contan con bordo, presentan un acabado superficial de cemento que propicia o crecemento de verdín e dificulta o uso seguro das mesmas, polo que se considera necesario proceder á mellora das mesmas, para darlle unha continuidade en canto acabados e mellorando tanto a accesibilidade coma a funcionalidade da beirarrúa.  2)Este Concello contratou a realización das obras de Pavimentación			



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

		<p>rede viaria municipal en Laxe: travesía Villa Amparo, Praza Areal e Camiño Galeria, Laxe apreciando certas circunstancias durante a execución das mesmas que ocasionaron un incremento no gasto inicialmente previsto por importe de 19.841,54 <u>euros</u>. Constan no expediente o Informe xustificativo do gasto emitido polo técnico municipal, Jesús Manuel Mallo Puga, de sobrecostes por importe de 12.342,54 euros e o informe xustificativo de investimento consistente en canalización de saneamento en Camiño Galeria, Laxe, por importe de 7.499,00 euros.</p> <p>3) Mellora de vial con formigón en Camiño Santa Rosa: 7.907,35 euros. Esta mellora realízase co fin de comunicar e unir as zonas formigonadas da rúa Campo e a Rúa Santa Rosa, evitando así as acumulacións de augas de escorrentía en dita zona o que evitará a aparición de fochancas, reducindo as posibles obras de mantemento de dita zona.</p> <p>4) Mellora de vial con zahorra nas proximidades de Santa Rosa: 1.563,80 euros. Aumento do ancho da vía afectada polas obras do PEIM co fin de xerar zonas de cruzamento para facilitar o paso de dous vehículos nas zonas que foi posible, e non recollidas no proxecto</p>	247.906,01	38.811,19	286.717,20
161	227.99	<p>Abastecemento de auga. Outros traballos realizados por empresas e/ou profesionais. Considerando a solicitude de nova retribución por m/3 para o exercizo 2022 efectuada pola empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U, pendente de aprobación polo Pleno da Corporación, e que con cargo ao orzamento municipal de gastos deste exercizo se asumiu o gasto relativo á prestación do servizo de abastecemento de auga do 3 trimestre de 2021, por falta de crédito suficiente no orzamento do pasado exercizo, resulta insuficiente a cantidade prevista no orzamento vixente para 2022.</p>	213.108,20	47.000,00	260.108,20



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

454	210.00	Camiños veciñais. Infraestruturas e bens naturais. Cantidade necesaria para traballos de mantemento, reparación de conservación de vías públicas.	20.960,89	15.000,00	35.960,89
454	619.00	<p>Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</p> <p>3) Este Concello contratou a realización das obras de Mellora do Vial municipal no lugar de Carballal, na parroquia de Traba, apreciando certas circunstancias durante a execución das mesmas que ocasionaron un incremento no gasto inicialmente previsto por importe de <u>9.567,07 euros</u>. Consta no expediente unha copia do Informe xustificativo de sobrecostes emitido polo técnico municipal, Jesús Manuel Mallo Puga, o 5 de xullo de 2022.</p> <p>4) En Cabanela, na parroquia de Traba, o camiño principal polo que transitan os/as veciños /-as ten varios puntos que se estreita en exceso que dificulta o paso dos vehículos, situación que se agrava cando coinciden ao mesmo tempo dous vehículos en dirección oposta. Esta situación provoca un problema de seguridade vial e para a saúde dos /das veciños /-as do lugar, sobre todo cando o vehículo que se ten que desprazar é unha ambulancia ou un vehículo da policía local, garda civil ou bombeiros.</p> <p>O custo total do investimento ascende a 109.892,88 euros, dos que se pretende solicitar unha subvención nominativa á Deputación por importe de 87.914,30 euros, debendo aportar o Concello o importe de <u>21.978,58 euros</u>.</p>	197.676,88	31.545,65	229.222,53
<b>TOTAL</b>			<b>707.721,35</b>	<b>147.356,84</b>	<b>855.078,19</b>

### RESUMEN DA MODIFICACIÓN NO ORZAMENTO DE GASTOS

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	592.048,97
TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	147.356,84
<b>TOTAL MODIFICACIÓN ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>739.405,81</b>

### 2.º FINANCIAMENTO

**Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería resultante da liquidación do exercizo anterior, nos seguintes termos:**



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Aplicación económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Concepto		
8	87	870.00	Remanente para gastos xerais	739.405,81
			<b>TOTAL</b>	<b>739.405,81</b>

Segundo.- Expoñer ao público o expediente de modificación de crédito nº 24/2022, por créditos extraordinarios e suplementos de crédito, ao vixente orzamento municipal para 2022, por un prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, consonte co preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Terceiro.- Que no suposto de non se presentar reclamacións contra o devandito expediente de modificación de crédito nº 24/2022, este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación, unha vez incluída esta modificación, do orzamento definitivo resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste concello; todo elo segundo dispoñen os artigos 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Cuarto.- .-A modificación aprobada producirá efectos desde a data de publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- Remitir, consonte co disposto nos artigos 169.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, copia do referido expediente de modificación de créditos aprobado definitivamente á Administración de Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

### **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RETRIBUCIÓN DE VIAQUA PARA O EXERCIZO 2022. EXPTE. NÚM. 2021/X998/000620**

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación:

*“Asunto: Solicitud de retribución para 2022 do servizo municipal de augas formulada por Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia. Expediente núm.:2021/X998/000620*

#### **I. ANTECEDENTES.**

*PRIMEIRO. O Pleno do concello de Laxe adxudicou, en data 28 de xuño de 2001, a concesión administrativa do servizo municipal de augas á empresa (segundo a denominación actual) VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U..*

*A duración inicial de dito contrato expirou en data 30 de setembro de 2016, acordándose a prórroga prevista no contrato de un ano, con*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

vixencia ata o día 30 de setembro de 2017.

Ao remate de dita prórroga, o concello de Laxe acordou, previa comunicación e aceptación da empresa, a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U. nas mesmas condicións de execución e prezo estipuladas no contrato vixente, polo tempo necesario para a adxudicación do novo contrato.

Este procedemento está pendente da licitación, polo que se mantén en vigor a continuidade da prestación do servizo municipal de augas coa empresa VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U.

SEGUNDO. Resolución de Alcaldía nº 340/2020 de 01.07.2020, na que se acorda estimar a solicitude de Viaqua da nova retribución para o ano 2020 en 0,483938 m3 facturado.

TERCEIRO.- Acordo plenario de 28.10.2021, que aproba a nova retribución de Viaqua para o ano 2021 en 0,556480m3 facturado.

CUARTO.- Solicitude da empresa VIAQUA de nova retribución para o exercicio 2022, con R.E. de 30.09.2021.

QUINTO.- Informe de secretaría intervención accidental de data 18/10/2022.

SEXTO.- Sométese no punto anterior desta sesión plenaria á aprobación inicial do Pleno de Corporación o expediente de modificación de créditos número 24/2022 (2022/T002/000024) en que se aproba un suplemento de crédito na partida 2022.161.227.99, por importe de 47.000 euros, para facer fronte a un maior gasto relativo á prestación do servizo de abastecemento de auga.

### II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

PRIMEIRA. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (no que esta vixente logo da entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).

SEGUNDA. O apartado 2 da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (e diante LCSP), establece respecto dos contratos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta Lei:

«2. Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su modificación, duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior.»

Polo tanto, o réxime xurídico de aplicación deste contrato é o contido no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRLCAP).

TERCEIRA. O réxime xurídico aplicable á revisión de prezos no TRLCAP está regulado nos artigos 103 a 108.

Estas disposicións contemplan o mecanismo de revisión de prezos en función de considerar como circunstancia previsible a variación dos prezos polo mero transcurso do tempo, e establecendo unha fórmula automática de aplicación en base a índices oficiais sobre a evolución xeral dos prezos e remitindo, para a súa concreción, á fórmula ou sistema de revisión de prezos fixado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*Atendendo aos propios Pregos de cláusulas administrativas que rexeron a licitación, ha de considerarse que neste caso é de aplicación o sistema de modificación das retribucións ordinarias en base á actualización do IPC, sempre que se verifique o cumprimento dos demais requisitos establecidos no PCAP.*

*CUARTA.- A cláusula 13ª do PCAP, relativa á revisión da retribución establece que a revisión de prezos tramitarase conforme as seguintes regras:*

*A revisión deberá ser solicitada polo concesionario antes do día primeiro de outubro de cada exercicio, pero con efectos económicos desde o día primeiro do seguinte ano.*

*Será preciso que:*

*- Transcorrese o primeiro ano da concesión.*

*- Se prodúcese un incremento nos custos do servizo.*

*O concesionario presentará os xustificantes oportunos que permitan aprobar a proposta de revisión de prezos.*

*A porcentaxe de revisión non poderá, en ningún caso, ser superior -no seu conxunto- ao IPC oficialmente aprobado segundo certificación do organismo competente.*

*QUINTA. A solicitude efectuada por VIAQUA responde a este esquema de revisión ordinaria do contrato, achegando a xustificación do incremento dos custos de servizo, non obstante o incremento solicitado excede da variación interanual do IPC.*

*SEXTA. A Xunta consultiva de contratación administrativa do Estado tense manifestado sobre esta materia, así no Informe de la Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado del 9 de mayo de 2019, Núm. 31/17:*

*Materia: Diversas cuestiones sobre el pago de un contrato de gestión de servicios públicos.*

### **ANTECEDENTES**

*El Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Fuente Álamo de Murcia ha dirigido consulta a esta Junta Consultiva de Contratación Pública del Estado con el siguiente tenor:*

*"1. El Ayuntamiento Pleno, en sesión celebrada el día 2 de febrero de 2006, adjudicó el contrato de "Gestión de los servicios públicos de recogida, transporte, tratamiento y eliminación de residuos urbanos y de limpieza viaria del término municipal" a la Mercantil Grupo Generala, por un plazo de diez años, formalizándose el mismo en documento administrativo con fecha 15 de febrero de 2006.*

*2. Tras el vencimiento del plazo de duración del contrato en febrero de 2016, y como consecuencia de diversas vicisitudes ajenas al contratista (incluida la anulación por el TACRC del nuevo procedimiento de contratación iniciado en 2015), dado que se trata de un servicio público esencial, Grupo Generala ha continuado prestando el servicio en las mismas condiciones previstas en el contrato, hasta la adjudicación e inicio del nuevo (que se ha producido con fecha 18 de julio de 2017).*

